

AS ESCRITURAS FUNDACIONAIS DE OBRAS PÍAS COMO FONTE PARA O ESTUDO DA HISTORIA SOCIAL: O EXEMPLO DE PONTEDEUME

Xesús Andrés López Calvo

1. INTRODUCCIÓN

Se toda a historia é, dalgunha maneira, historia social, hai que admitir en consecuencia que as fontes a empregar en estudos desta clase serán moi abundantes, e pódese afirmar que non hai documento histórico que non reflecta aspectos da sociedade na que xorde ou se orixina, por máis que tales documentos se poidan utilizar de maneira preferente para as investigacións de carácter económico, político ou doutro tipo¹.

Así, aínda que a metodoloxía da historia social ten numerosos problemas por resolver, é innegábel que os fondos conservados en arquivos parroquiais e diocesanos respecto de sectores sociais conteñen abundante información acerca de moitos aspectos da economía, liñaxe, mentalidade, estamento, conflitos de carácter veciñal e familiar, informacións verbo dos ingresos polo exercicio dunha profesión, reparto de rendas, décimos e outras informacións fiscais.

Tal é o caso dos documentos e testamentos de fundacións de obras pías e capelanías que, ademais de permitiren historiar grupos ou individuos rendeiros, informan tamén, a través das mandas testamentarias, da mentalidade popular, de determinadas formas de sociabilidade, aspectos do nivel de pobreza e mendicidade, e contabilidade de diñeiro destinado á fabricación de arte relixiosa.

Non nos toca facer agora unha ponderación da utilidade destas escrituras, e aínda que puideran adoeecer de sinceridade, pois determinados membros da elite social na época moderna deixaban ás veces ordenado no testamento que non se fixese inventario dos seus bens², non por iso deixan de ter un valor de utilidade para o estudo da comunidade e dos seus problemas específicos.

Imos facer, a continuación, unha relación descritiva de capelanías, fundacións e obras pías dotadas para diversos templos da vila de Pontedeume. Os datos dos que facemos noticia atópanse

1. Cf. P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, "Fontes para o estudio da sociedade galega do século XVIII", en: AA.VV., *Fuentes para el estudio del siglo XVIII en Galicia. Historia económica y social. Ciclo de conferencias organizadas por el Archivo del Reino de Galicia* (A Coruña, 7-11 marzo 1988), Sada, Edicións do Castro 1991, 146.

2. *Ibid.*, 153.

en diversos atados do Fondo Xeral do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (a partir de agora AHDS)³. Á parte da utilidade de elaborar un catálogo deste tipo de institucións e das súas actividades, das súas mesmas escrituras fundacionais poderemos determinar moitos aspectos da vida comunitaria e actividade social dunha vila galega na Idade Moderna.

2. FUNDACIONES E CAPELANÍAS NA IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO

Estámonos a referir á primitiva igrexa, anterior á reedificación do arcebispo B. Rajoy Losada feita a mediados do século XVIII. Dela sabemos ben pouco, pero si sabemos que, polo menos, dende finais do século XIV, existía unha igrexa posta baixo a advocación do apóstolo Santiago⁴.

2.1 Fundación de Gómez de Rioboo y Seixas

Don Gómez de Riobó y Seixas, veciño e señor da casa do Allo e da súa xurisdicción⁵, deixou fundada no ano 1516 unha capelanía colativa baixo a advocación da Santísima Trindade. O documento fundacional redáctase diante de Antonio Gómez de Andrade, escribán numerario⁶ da xurisdicción de Soneira.

A sucesión do Allo, recaeu no fundador, fillo de Antonio de Rioboo, fidalgo bergantiñán, e María das Seixas e Losada, irmá do arcebispo compostelán Francisco de Seixas, que antes ocupara as sés de Salamanca e Valladolid, que mandou construír, para el e os seus descendentes, un pazo en Cabanas. Alistado como nobre en 1702, Gómez de Rioboo estaba casado con Xoana de Luces e era irmán do biógrafo e historiador Antonio de Rioboo Seixas Vilardefrancos, do cóengo de Santiago, Mateo Rioboo e do Oidor da Chancelaría de Valladolid, Fernando de Rioboo⁷.

En 1789 era capelán desta fundación Baltasar Suárez Alfeirán⁸ que tiña como carga, e correspondente pensión, a celebración de dúas misas rezadas os mércores e venres de cada semana.

Esta capelanía foi aceptada e aprobada polo Arcebispado de Santiago sendo provisor naquel intre, por estar en sé vacante, o cóengo doutoral, Pedro Freire de Andrade.

3. AHDS, Fondo Xeral, Serie Capelanías. Capelanías colativas existentes en 1749. Mazo 2º Arciprestado de Pruzos. Sinatura 1.17 2 (379).

4. Cf. C. DE CASTRO ÁLVAREZ – J. C. VÁZQUEZ ARIAS, *La iglesia de Santiago de Ponteume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, Deputación Provincial 2003; A. COUCEIRO FREIJOMIL, *Historia de Ponteume e a súa comarca*, Ponteume, Xunta de Galicia 19954, 397-414.

5. Trátase dun couto redondo, de señorío secular e xurisdicción ordinaria de preto de sete quilómetros cadrados cunha soa freguesía (San Pedro de Allo, actual concello coruñés de Zas). Cf. F. J. RÍO BARJA, *Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega 1990, 25.

6. Os escribáns e notarios formaban un colectivo importante na sociedade do século XVIII. Con denominacións diferentes pódense agrupar en tres categorías. Os numerarios, os públicos e os notarios. Os escribáns de número eran os que estaban de oficio nalgunha institución: Alcalde Maior, Concello, etc. Cf. M. LÓPEZ DÍAZ, “Una aproximación a la institución notarial en Santiago: escribanos y notarios a mediados del siglo XVIII”, en *Estudios Mindonienses* 8 (1992) 421-456.

7. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, Madrid, Everest 1986, 46.

8. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, “Clero fallecido en Ponteume durante el siglo XVIII”, en *Cátedra* 10 (2003) 175.

Na visita pastoral de 1727, o arcebispo Herrero y Esgueva⁹ confirma que se estaba a cumprir co marcado, e en 20 de marzo de 1789 o párroco de Santiago de Pontedeume, Xacinto Pardo Maceda¹⁰, informa por escrito que a devandita fundación seguía a producir rendas¹¹.

Aínda que estamos a describir unha fundación feita a inicios do século XVI, seguía a existir, non só no caso de Gómez Seixas senón en moitos outros señores da época, unha reminiscencia da identidade de cabalería e mentalidade cristiá, manifestada en signos de preocupación pola salvación eterna da alma que motivaba á fundación de misas e obras de caridade.

De feito, as capelanías fúndanse por unha combinación de tres factores: posibilidades económicas, sentido relixioso que impulsa a garantirse uns determinados sufraxios coa esperanza de perpetuidade, e un elemento de prestixio, co que se adorna a familia destacada de cada localidade.

Aínda que estudos sobre estas fundacións aseguran que, ao longo do século XVII, foron clérigos o 53% dos fundadores¹², tamén un número significativo de capelanías tivo como fundadores á nobreza e á fidalguía como é o caso da Gómez Seixas.

As cargas e obrigacións que implicaban estas capelanías eran pequenas, pero os capeláns debían vivir das súas rendas, que tiñan un nivel medio a mediados de século XVIII duns mil reais, o que os converte nun grupo economicamente feble, ao igual que os patrimonistas dos que faremos mención a continuación. A diferenza destoutros, estes estaban suxeitos á residencia aínda que era unha práctica frecuente descargar as obrigas en terceiras persoas.

2.2 Capelanía de Nosa Señora das Neves

Temos noticia da existencia e condicións da mesma, entre outras fontes, grazas á solicitude para acceder ao cargo de capelán do presbítero patrimonista Matías Villanueva Punín, feita en febreiro de 1870. O primeiro dato que achega a súa solicitude fai referencia á mesma fundación: *“Que en dos de Diciembre de mil setecientos sesenta y uno el Ilmo. Señor D. Bartolomé de Rajoy y Losada Arzobispo de esta Diócesis, fundo o erigió en la citada Iglesia Parroquial una Capillanía bajo la advocación de Ntra. Sra. de las Nieves”*¹³, polo mesmo documento igualmente sabemos que era patrón da mesma o párroco da vila.

Malia que expón que a capelanía está vacante dende hai tres anos por falecemento do seu anterior titular, e que el cumpre con todos os requisitos esixidos (ser nativo de Pontedeume e ter a licenza de confesor), o párroco por aquel entón, Domingo Ferraces¹⁴, considera que non era a persoa máis axeitada para desenvolver esa capelanía:

9. Cf. ID., “A morte do arcebispo Herrero Esgueva (Pontedeume, 17 de xullo de 1727)”, en *Cátedra* 4 (1998) 193-204.

10. Cf. ID., *Clero fallecido...*, a. c., 173. Pardo Maceda foi párroco de Pontedeume entre 1708 e 1752.

11. Cf. AHDS, Fondo Xeral, Sección: Capelanías e Obras Pías, Atado 386.

12. Cf. B. BARREIRO MALLÓN, “El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)”, en *Compostellanum* 33(1988) 3-4, 469-508.

13. Cf. Apéndice Documental, 9.

14. Estivo de párroco en Pontedeume dende 1853 até 1880.

“Después del fallecimiento del Pbro. Don Ruperto Roberes presente interinamente en el Pbro. Dn. José Ramón Romero de la Capilla que hace mérito la instancia, por los buenos servicios que siempre hizo y continúa prestando en la Administración de Sacramentos con preferencia a otro hijo de vecino, llevando en esta residencia más de siete años. El pasto espiritual gana en que continúe el Señor Romero, y perdería si nombrase otro que no fuera el. Es faltar a la verdad que la Iglesia y Pueblo pierde de no ser nombrado el Sr. Villanueva; los perjuicios o ventajas, Emmo. Señor, los conoce mejor el Párroco que el exponente y sin genero de duda estoy convencido que el Sr. Villanueva no cuenta con las dotes precisas para cubrir el vacío del Sr. Romero. Yo no tengo en este asunto más interés que el de las ovejas que están a mi cuidado, el mismo que acompaña a V. Emma. Es cuanto puedo y debo informar en el particular viviendo seguro de que obro en este particular muy desinteresadamente. Rectoral de Puentedeume Abril 30 del 1870. Domingo Ferraces. Rubricado”¹⁵.

Esta instancia, e o seu resultado, dános pé para unha reflexión respecto do rol social dos eclesiásticos patrimonistas. Sería un erro pensar que todo o clero vivía ben na Idade Moderna ou no Antigo Réxime. No cumio da pirámide de clase social estaban os privilexiados: alto clero que participaba celmosamente do caudal rendista da Igrexa galega: bispos, abades de ricos mosteiros, dignidades capitulares, cóngos, e racioneiros. Participaban en forma directa das importantes rendas dos seus beneficios, dos décimos, alugueiros de casas dependentes dos beneficios e dos censos.

Logo estaban os párrocos entre os que había importantes diferenzas en razón da poboación das súas parroquias. Máis abaixo están os capeláns que vivían das rendas beneficiais anexas á súa dote e das entradas por razón da súa colaboración coa parroquia.

Abaixo de todo estaban os patrimonistas, cunha condición pouco envexábel. Ordenábanse aínda non habendo postos dispoñíbeis, os chamados beneficios tiñan un número limitado, constituíndo para iso un patrimonio que rendese 50 ducados ao ano de acordo co as constitucións sinodais vixentes¹⁶. Agardaban a que quedara un beneficio vacante para solicitalo (unha parroquia ou unha capelanía como é o caso). Como a cotío o patrimonio constituído era falso, e finxíase posuír un patrimonio de 50 ducados para ser ordenado, resultaba que o presbítero tiña que dilixenciar por outros medios a sustentación. Ata tal punto chegou a situación, por unha excesiva densidade clerical, que houbo necesidade de determinar quen eran os clérigos que tiñan dereito preferente para acudir ós enterros nas distintas parroquias, momento en que se de definen as chamadas tablas. Só cando se celebraba un enterro de primeira, con varias decenas de cregos, os patrimonistas tiñan unha oportunidade de asistir e gañar un estipendio. A súa situación era realmente grave. Non debe estrañar que no seo do propio clero houbera unha fonda loita por acadar certos beneficios¹⁷.

15. Cf. AHDS, 1.17, 2 (379).

16. Cf. *Constituciones* de F. Gil Taboada, Título XXIV, Constitución VI.

17. Cf. X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, *Historia de Galicia. IV Edade Contemporánea*, Vigo, Galaxia 1981, 110-111.

Título de Ordenación	Anos 1556-1560	Anos 1696-1700	Anos 1751-1752	Anos 1790-1794	Anos 1850-1853
Patrimonio	32,2 %	46 %	45,3 %	69,9 %	63,2 %
Capelanía	26,7 %	41,6 %	35 %	14,4 %	22,4 %
Parroquia	29,1 %	7,3 %	14,5 %	6,3 %	9,2 %
Beneficio	9,3 %	3,9 %	4,2 %	8,4 %	5 %
Outros	2,4 %	1,1 %	0,8 %	0,8 %	0,2 %

Proporcións da estrutura social dos clérigos composteláns no Antigo Réxime (Fonte: B. Barreiro Mallón)

Todos os estudos chegan á mesma conclusión: os párrocos gozan de boa situación económica. Pola contra, os patrimonistas e capeláns malvivían á espera de acceder a unha parroquia. Na diocese de Santiago a mediados do século XVIII os párrocos eran o 36% do clero, un 50% os patrimonistas, un 10% os capeláns e o 4% restante abarcaba outras situacións. Sen embargo, aquel 36% percibe o 72% dos ingresos totais do clero, acadando a súa renda anual os 3.790 reais, fronte aos 820 da dos patrimonistas e os 990 da dos capeláns¹⁸. Un número tan elevado de capeláns e patrimonistas en situación tan precaria, desmitifica a imaxe dunha situación económica envexábel. Teñamos en conta que, en 1790, só se ordena un 6,3% a título de parroquia, mentres que o 70% fano como patrimonistas e o 14% como capeláns. Esta ausencia de ingresos converte a estes clérigos nun proletariado eclesíástico expectante dalgún beneficio, o que xerará numerosos preitos polo cumprimento das cargas das fundacións existentes como constataremos a continuación seguindo a nosa enumeración e descrición.

2.3 Fundación na Capela da Degolación de San Xoán

Baixo a advocación de San Xoán Bautista e radicada na igrexa parroquial da Vila, (a capela de San Xoán Bautista e Santiago da primitiva igrexa de Santiago de Pontedeume, estaba situada no lado da epístola, debaixo dun arco grande situado fronte á porta travesa. Na visita pastoral de 1611 dise que posuía un retablo con esculturas douradas e estufadas que lle dicían da Vera Cruz)¹⁹, esta capelanía fundáraa en 1607 Xoán Pérez Mercader dotándoa con todos os seus bens e rendas que, maioritariamente, estaban situados na parroquia de Santa María de Ombre.

Os patróns da mesma eran os parentes do fundador que, pola súas preocupacións e xestións pola mesma, percibirían seis reais anuais. A fundación tiña coma principal carga a celebración dunha misa de alba diaria, ademais dun responso, sendo a do sábado cantada. Tamén tiña outras obrigas puntuais: que o día da celebración litúrxica do martirio de San Xoán Bautista (29 de agosto) deberían celebrarse outras tres misas máis, sendo unha delas solemne e cos seus respectivos responsos; que o día de San Pedro (29 de xuño) habería outra misa máis rezada; e que na capela maior da igrexa parroquial estivese constantemente acesa unha lámpada diante do Santísimo Sacramento. Se despois destas cargas quedase sobrance, este habería de investise en esmolos e dotes para os pobres, todo o que se faría constar no libro da fundación que se custodiaría no arquivo da vila de Pontedeume.

18. Cf. B. BARREIRO MALLÓN, *El clero...*, a. c., 493.

19. Cf. C. DE CASTRO ÁLVAREZ – J. C. VÁZQUEZ ARIAS, *O. c.*, 41.

Un oficio da Secretaría de Cámara do Arcebispado de Santiago, de data 23 de febreiro de 1830, dirixido ao párroco de Pontedeume requiría información sobre se a devandita fundación seguía viva, pois recibíranse queixas por parte do clérigo Roque Fernández Sandomingo, de novo un presbítero patrimonista nesta ocasión de San Pedro de Vilar, que aspiraba a cubrir o emprego de capelán da mesma. A instancia á que nos referimos atópase íntegra no apéndice documental deste estudo:

*“S. E. el Arzobispo mi Señor, ha tenido noticia de que en esa Iglesia parroquial hay una capilla por fundación de un tal Bouza, con altar propio, titulado de la Degollación de S. Juan Bautista, con carga de dos Misas de Alba semanales, con señalamiento de los días martes y miércoles para su celebración, con rentas suficientes para ella y decencia de la capilla, y dejando tan solo al Patrono el estipendio que le corresponda por los días que se ocupe en el cuidado de los bienes; que hace muchos años no se cumplen las Misas y, las pocas que se celebran, tampoco son a la hora señalada por el fundador, ni hay nombrado capellán para ella; de modo que el Patrono actual, de quien es administrador D. Nicolás Bartolomé Álvarez y Pardo vecino de Vivero, percibe sus rentas que existen en la parroquia de Santa María de Hombre, sin cuidar del cumplimiento de las cargas, con grave perjuicio de la iglesia y de las ánimas de los fundadores. S. E. suponiendo la certeza de esta relación, extraña mucho que no se le había dado cuenta de ello en la Santa Visita; y para dictar las providencias que correspondan, quiere que V. enterado de todo, se sirva informar a continuación de este oficio lo que se le ofrezca y parezca en orden a esto, y remita una copia de las principales cláusulas de dicha fundación. Y como hasta ahora no había tenido contestación alguna se lo repito de orden de S. E. para que se sirva evacuar dicho informe a continuación de este oficio y con la posible brevedad. Dios guarde a V. Santiago y Enero 12 de 1830. Ventura Castañeda. Rubricado”*²⁰.

Este oficio é contestado, un mes máis tarde, polo párroco de Pontedeume, naquel intre Xosé Otero²¹:

“Contestando al oficio de V. S. anterior: digo que es cierto hay en esta iglesia de mi cargo un Altar de San Juan Degollado muy decente en que según datos de sujetos ancianos me informaron tener renta fija sobre un vínculo. Digo que actualmente posee el Sr. Álvarez por su mujer con carga de dos misas semanales que se deben decir al alba en los días ya citados, estas se celebran por horas diferentes, y según estoy informado las desempeña D. Roque Sandomingo, Patrimonista de San Pedro de Villar; habiendo registrado los papeles y libro de Allanamientos de estas parroquias de mi cargo, no hallé tal fundación como V. S. puede ver en la relación que di en la Santa Visita; comisioné a sujeto de mi confianza a que registrase el Archivo de esta Villa en el que podía verificarse haber algún documento seguro el

20. AHDS, 1.17, 2 (379).

21. Párroco de Pontedeume entre 1823 e 1831.

*apunte que me entregó uno de los parientes que remito, nada de adelantar en el asunto. Y como antes de ahora hice otras diligencias sobre el particular para el cumplimiento sin poder tener documento para ello, por lo mismo no se lo hice presente a S. E. en la Santa Visita: los documentos de dicha fundación es muy regular hubieran desaparecido de este Archivo de la Villa en un incendio que 6 años ha sucedido, en el que se perdieron otras varias; mas el actuar poseedor tendrá copia, esta no me es fácil con seguirla por hallarse de Corregidor el dicho Sr. Álvarez en la Villa de Vivero; pues según resulta del incluso apunte tiene más cargas que yo pensaba sin que se cumplan mas que con la misa cantada el día de San Juan Degollado, y las rezadas a las horas diferentes del día, sin que yo pueda estrechar al patrono y Capellanes a las horas fijas que se citan por falta de documentos fehacientes para ello. Es cuanto puedo informar a V. S. sobre el particular. Dios guarde a V. S. muchos años. Puentedeume 10 de febrero 1830. José Otero. Rubricado*²².

As dilixencias para a provisión destas rendas rematan cando o propio Nicolás Bartolomé Álvarez libra en Santa María de Ombre, o 12 de setembro de 1829, a cantidade de douscentos cincuenta reais en concepto de estipendios para aplicación das misas da referida fundación.

Anos	En Galicia	En Santiago	En Coruña - Betanzos
1591	133	95	143
1752	108	113	113
1820		173	

Relación de habitantes por cura/freire (Fonte: B. Barreiro Mallón)²³

Polo percorrido feito até o de agora puideramos pensar que o estamento clerical estaba inflado, pero o certo é que Galicia nin era nin chegou a ser un feudo de cregos e monxes. Se en Santiago semella que o número de clérigos por habitante é alto, é porque alí estaba a sé dun arcebispo rico e influínte, e a súa condición de vella cidade rendeira e institucional atraía sobre ela a un gran número de clérigos que non atopaban as mesmas motivacións noutras cidades galegas como A Coruña e Betanzos, capitais de provincias pequenas. Ademais, o ritmo de crecemento do clero non foi parello ao da poboación debido ao sistema económico sobre o que se apoiou o crecemento poboacional: desenvolvemento económico con base en pequenas explotacións, avance do cultivo do millo e particular sistema hereditario, mentres que o sistema benefical parroquial apenas sufriu variacións e mesmo minguaron. Como resultas das crises e dos baixos niveis de ingresos do clero parroquial a única alternativa para acceder á clerecía era a fundación de capelanías e de patrimonios, pero resultaba cada vez máis difícil a causa da diminución das explotacións e da aplicación da doutrina conciliar tridentina tendente a garantir unha congrua suficiente para tódolos ordenados. Dende este criterio enténdese moi ben por qué o clero se vai desprazar paulatinamente

22. AHDS, 1.17, 2 (379).

23. B. BARREIRO MALLÓN, "La Diócesis de Santiago en la época moderna", en: J. GARCÍA ORO (COORD.), *Historia de las Diócesis Españolas. Iglesias de Santiago de Compostela y Tui-Vigo*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos 2002, 235-279.

cara a dioceses e provincias do interior, pois a súa estrutura económica e social favorecía as ordeñacións a título de capelanía ou de patrimonio cando non era posíbel facelo a título de beneficio parroquial²⁴.

2.4 Obra pía de Alonso de Mancebo

Define o dicionario unha “obra pía” como o establecemento piadoso para o culto a Deus ou ao exercicio da caridade co próximo. Pois ben, Alonso Mancebo, que fora rexedor do Concello de Pontedeume, e a súa dona Catalina Torquemada (ou Catalina Manceba), mediante testamentos outorgados en 7 de marzo de 1557 e 22 de marzo de 1548, diante dos escribáns de número Pedro de Aguirre e Xoán Fariña fundaron, na igrexa parroquial, a capela de Nosa Señora da Candeloria e da Stma. Trindade²⁵, instituíndoa como a súa herdeira universal:

*“Y así cumplido este mi testamento y todas las mandas e legados en él contenidas y con todo lo más remanesciente de mis propios e hacienda y de la dicha Catalina Manceba mi Mujer, deixo, nombro e instituyo por mi universal heredero en todos los dichos mis bienes e de la dicha mía mujer ansi muebles como varios esemobientes oro, plata, dinero, derechos e acciones, deudas y obligaciones que a mi me deban, a la dicha Capilla de Nra. Sra. Candeloria y de la Santa Trinidad, sita en la dicha Iglesia de Santiago de esta Villa de la Puente deume”*²⁶.

Deixa como testamenteiros a Fernando Martínez, criado e sobriño político de Alonso Mancebo, e Alonso Sardiña, veciño de San Martiño de Porto, polo que recibirán cincocentos marabedís anuais. Á súa morte o padroado pasaría ao Concello da Vila.

Entre as cargas pías que deixa fundadas sinalamos as seguintes: a edificación da capela da Trindade dotándoa con catro capeláns obrigados a celebrar nela seis misas semanais cada un; no momento do falecemento do testador deberíanse dicir trinta misas coas súas ladaiñas e responsos na ermida de Santa María do Souto extra muros da vila, así como dar a cera que fixera falta para estes cultos, habendo de estar presentes neste trintenario os cumpridores do testamento; 1 ducado para reparos da igrexa parroquial; 3.000 marabedís para aceite e mantemento da lámpada da capela maior da igrexa parroquial de Pontedeume ademais doutros 10 reais para salario da persoa encargada deste mantemento; esmolas para as confrarías do Rosario dos clérigos de Pontedeume, a de San Sebastián, a de San Roque, á da Trindade e a da Vera Cruz; aceite para o mantemento da lámpada do Santísimo na igrexa parroquial de Santa María de Centroña e para a capela do convento de Nosa Señora da Gracia (Agostiños); para os pobres da orde de San Lázaro; misas cantadas con vésperas e vixilias nos días de Santa María de setembro (Día da festa da Virxe das Virtudes), Santiago Apóstolo, San Xoán Evanxelista, San Xoán Bautista, Santo Agostiño, San Nicolás e Stma.

24. *Ibid.*, 238.

25. Radicada no lado da epístola sabemos que a finais do século XVI tiña enreixado de ferro, unha ara encaixada e un bo retablo. Nesta capela, a confraría do gremio de mareantes, á que a obra pía de Mancebo pagaba 44 reais, tiña unha fornela coa imaxe da Trindade. Cf. C. DE CASTRO – J. C. VÁZQUEZ ARIAS, O. c., 41.

26. Parte do texto deste testamento atópase recollida en: A. COUCEIRO FREIJOMIL, O. c., 455-456. O documento completo en copia do orixinal en: AHDS, 1.17,2 (379). Outros documentos relativos a esta obra pía atópanse no ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, Sección Beneficencia, Sinatura 1.6.1-278.

Trindade; vestir a trece mozas e mozos polo día da Candeloria festa principal do Convento dos agostiños (deixando ao Concello como cumpridor desta manda); cesión de propiedades ao hospital da cidade de Santiago; e así un longo etcétera. O que sobrase de todo isto tiñase que investir nas dotes das mozas pobres e en xantares para os pobres.

Para que nos deamos conta do volume desta obra pía reproducimos as contas da mesma correspondentes ó ano de 1759:

“Al Convento por las tres capellanías más que sirve, Misa Cantada que se dice en el, salario y comida del P. Prior 10017. Rs.

A los cuatro Capellanes Seculares 10200.

Por la comida de estos 0032.

A la fabrica 0121.

De aceite para Lámpara 0090.

A los pobres de la Magdalena 0024.

A la Verá Cruz 0040.

A la Cofradía de la Trinidad 0044.

De la cera que se gasta 0231.

De incienso 0001.

Once reales para aceite de la Lámpara de Nra. Sra. de Centroña 0011.

Al P. Predicador por el sermón de la función 0030.

Al escribano por dar fe de los Acuerdos y cuentas 0044.

De papeles de oficio 0003.

Al Sacristán de la Capilla 0165

Al Mayordomo 0550.

Al Alcalde y regidores por varón de propina y comida 0312.

Producto 8050.

Distribución fija 30905.

Resto 43595”²⁷.

Os fins desta fundación viñéronse cumprindo ata 1778, onde o padroado conmuta, con bula papal, os sufraxios establecidos por unha misa ás horas de alba, dez, once, e doce en todos os días festivos nas referidas capelas. En 1838 ao suprimirse o hospital de San Lázaro ou de Santa María Magdalena, a súa parte dedicouse a investimentos na instrución pública. Máis tarde o Estado fíxose dono destes bens²⁸.

2.5 “Los compromisos se cumplen tales como se aceptan”:

As cargas piadosas de Xoán Montero (Xoán do Vilar)

Estas cargas, tamén denominadas nalgúns documentos o Padroado de Alba, deixounas fundadas Xoán Montero ou Xoán do Vilar, mediante testamento o 23 de xuño de 1642²⁹. Mandaba que

27. AHDS, 1.17, 2 (379).

28. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O. c.*, 353-354.

29. Non se debe confundir o fundador desta obra pía co licenciado Xoán Montero de Vilar que era un presbítero que fina en

se dixeran catro misas semanais na capela do Rosario da igrexa parroquial de Pontedeume os xoves, venres, sábados e domingos³⁰. Para dotalas deixaba unha quinta parte dos seus bens. Habíasele pagar ao capelán tres reais como estipendio, máis outro real ao sancristán a xeito de oblata e para que tocace a campá. O sobranse das rendas pasarían ao patrón da fundación que era, por esta orde, primeiro a súa viúva, en segundo lugar a súa filla Isabel da Fraga, nacida do seu primeiro matrimonio e, á morte desta, os seus descendentes.

De novo unha reclamación de cumprimento é a que nos dá noticia documental da existencia desta fundación:

*“D. Nicolás Piñeiro y Leal vecino de la Ciudad del Ferrol a V^a Em^a. Con la debida sumisión y respeto hace presente: que tratando de dividir con su hermana D^a Benita, su sobrino D. José Ramón Piñeiro la herencia de su padre y abuelo respectivo D. Joaquín Piñeiro, entre los bienes que la constituían se encontraron porción, que se decía de publico gravado, con cuatro misas de alba semanales que debían celebrarse en la Iglesia de Puente deume y fundara Juan do Vilar; y aunque de tal fundación ningún documento tenían, por si era ó no cierto tal gravamen los comprendieron en la partija con expresión del mismo y los dividieron en terceras partes”*³¹.

Certamente este tramo da historia desta fundación é un paradigma dos moitos preitos sobre o cumprimento de cláusulas testamentarias, de administración de bens e de financiamento da Igrexa naquel tempo.

Un dos herdeiros deste padroado reclama ao cardeal García Cuesta, arcebispo de Santiago en 1864 data desta exposición, a revisión desta fundación e as súas cargas de misas, pois non tiña claro se estaba obrigado a cumprir unha disposición dunha fundación da que non se coñecían os bens orixinais. Ademais censuraba o excesivo celo do párroco de Pontedeume na procura dos estipendios das referidas misas. Nicolás Piñeiro Leal, que así se chama o demandante, veciño de Ferrol, logo de acendidas disputas co párroco da vila (naquel intre Domingo Ferraces), e de dúas sentencias da Audiencia Provincial na súa contra polo mesmo asunto, propón ao arcebispado un amaño consistente na redución do número de misas e na dotación dun clérigo para celebralas que non fose o párroco:

“Por esta cantidad que considera arreglada de estipendio para misa de alba, que viene casi a ser a ocho reales cada una, no debe faltar sacerdote que se encargue

Pontedeume o 28 de xaneiro de 1706. Foi soterrado na capela da Confraría de Clérigos da igrexa parroquial de Pontedeume. Na acta da súa defunción faise constar que era natural de Santa María de Neda (Bispado de Mondoñedo) e que actuara como axudante do párroco de Pontedeume Antonio Montenegro (1661-1683), cf. C. GARCÍA CORTÉS, *Clero fallecido...*, a. c., 167.

30. A capela do Rosario “(...) estaba situada al lado del evangelio, junto a la capilla mayor, en un espacio cerrado con una reja. En ella tenía su altar la cofradía Nuestra Señora del Rosario o de los clérigos, en un principio, denominada de las Nieves”. C. DE CASTRO – J. C. VÁZQUEZ ARIAS, *O. c.*, 38.

31. Apéndice Documental, 8.

de su celebración á dicha hora de alba en todos los días festivos en que los fieles tienen obligación de oírlo; y como estos no llegan a los ciento veinte, los que faltan a cubrir este número, podrán decirse en los días de cuaresma a la misma hora. De esta manera en la Villa de Puente deume podrá establecerse misa perpetua de alba en todos los días festivos y de cuaresma u otros que V. Ema. tenga por más convenientes, y los vecinos reportarán un conocido beneficio, especialmente en los días de media fiesta, pues cumpliendo con el precepto de la Iglesia al amanecer les queda el resto del día expedito para el trabajo sin aquel cuidado ni exposición a faltar a tal obligación por causas muchas veces irremediables”³².

Dos informes e testemuños escritos polo párroco en agosto e setembro de 1864, e requiridos polo propio cardeal García Cuesta, atopamos a xustificación do seu celo por este caso: “*V. Ema., en la Santa Visita de 1854, encargó al que tiene el honor de informar, exigiese el cumplimiento de todas las piadosas fundaciones que existen en su Iglesia, por los medios judiciales o extrajudiciales*” e no tocante á redución das cargas afirma: “*(...) los compromisos se cumplen tales como se aceptan*”³³.

Ademais reclama a Nicolás Piñeiro Leal un descuberto de 1.526 misas pois estas non se celebraron entre os anos 1850 e 1860, considerando que non hai dereito a posibles reducións pois o fundador deixou escrito que desexaba as catro semanais e deixou marcado o estipendio. Por último tamén alega o resentimento do servizo relixioso se se accedese á redución pedida. Hoxe diriamos que se apelaba á utilidade pública desta fundación: “*Las necesidades y servicio de los fieles se resentirian como se hallan resentidos de la falta de cuatro misas semanales a la hora de Alba: este pueblo, como agricola, tiene intereses en la conservación de misas que por ser á hora de Alba pueden oír si perdida de sus trabajos*”³⁴.

No tocante ao nomeamento dun capelán distinto do Párroco, Domingo Ferraces sostén:

“Si no quiere nombrar capellán deben ponerse los bienes en administración, celebrándose las misas que sus productos permitan hasta cumplir con la fundación, y devolviendo el sobrante si lo hubiere. Por lo mismo que los bienes no producen lo bastante para el numero de misas expresadas en la fundación, debe Don Nicolás nombrar capellán para lo sucesivo ó ponerse en administración los bienes, como garantía del cumplimiento del Patronato”³⁵.

Nun auto do arcebispo de Santiago, determínase que non ha lugar á redución solicitada, e que se ten que proceder ao pagamento das cantidades debidas so pena de alzado de bens e embargo rematando así o preito.

32. *Ibid.*

33. AHDS, 1.17, 2 (379).

34. Apéndice Documental, 8.

35. *Ibid.*

2.6 “Cuando las últimas voluntades no se pueden ejecutar en el todo, se deben cumplir en la mejor forma”: A Obra Pía de Francisco Naveira

O 5 de abril de 1769, Francisco Naveira outorgaba testamento diante do escribán Francisco Antonio Gayoso. Nunha das súas cláusulas deixaba fundada unha obra pía consistente na celebración dunha misa rezada o día da festa litúrxica da Virxe das Dores (o venres anterior ao domingo de Ramos) e da dotación de esmolos aos pobres que asistisen a ela e rezasen diante da súa imaxe o rosario, tendo preferencia os pobres que estivesen hospedados na véspera desa festa nos hospitais para peregrinos do medio da ponte e no de San Lázaro. Esta fundación dotábase economicamente polo arrendo dunha casa e deixaba á fronte do padroado ao cura da vila. Se por algunha circunstancia estas mandas non se executasen por parte do crego, a administración desa renda podería reivindicala calquera devoto da Virxe tendo preferencia os formantes da Congregación da Virxe das Dores³⁶, e se aínda así non se cumprían en dous anos consecutivos esta fundación debería anexarse á obra pía de Alonso Mancebo, para que as esmolos se distribuísen no día 2 de febreiro, festa da Candeloria³⁷.

As mandas desta obra pía deberían facerse efectivas na Semana Santa do 1771, ano seguinte á publicación deste testamento, pero o certo é que en febreiro de 1772, Blas Frías de Dujén, un parente do testador, eleva unha queixa ao arcebispo Rajoy pois as cláusulas do testamento de Francisco Naveira non se están a levar como deixara disposto o seu curmán:

“(...) El año pasado el Cura de esta Villa omitió en su cumplimiento el hacer rezar el rosario a los pobres delante de la Santa Imagen de Nuestra Señora de los Dolores, y darle al acabar la limosna, que la distribuyó en su casa, (...) Y aunque el Cura puede alegar ser aquella mañana muy ocupada en que la mayor parte del Pueblo por la devoción a la Virgen cumple con el precepto de la Pascua, por cuyo motivo se hace la fundación tarde, sin quedar tiempo, para cumplir el todo, y hacerse antes, puede embarazar a los fieles, no podrá tener disculpa, para que atento por la tarde, después de reservarse Nuestro Amo, sale la Congregación con la Imagen cantando el rosario por las calles, concurran a el los pobres, y al acabarse, se les dé la limosna, concluyendo la festividad con este obsequioso feudo a la Virgen, y con ello se cumple el modo posible con la fundación, sin faltar a lo substancial”³⁸.

Andrés Antonio Serantes³⁹, o párroco de Pontedeume naquel tempo, admite nun relatorio dirixido ao arcebispo Rajoy que non cumpríu exactamente as mandas desta fundación. Pero no seu

36. A Congregación da Virxe das Dores débese ao arcebispo eumés Bartolomé Rajoy en 1765. Logo dunha misión popular, os relixiosos franciscanos predicadores da mesma pretenderon que quedase establecida algunha obra pía que servise como lembranza da misión, e propuxeron que se formase a congregación dos Escravos de María Santísima as Dores semellante á que os relixiosos servitas andaban a fundar por España adiante. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, O. c., 368-376.

37. O texto desta cláusula atópase recollida no Apéndice Documental, 3.

38. AHDS, 1.17, 2 (379). O alcance da renda aquel ano chegou ós 400 reais.

39. Foi párroco de Pontedeume e de San Martiño de Porto, entre o 3 de xullo de 1770 (data da súa primeira acta coa súa firma) e o 27 de setembro de 1782, día do seu falecemento. Finou en Santiago e soterrouse no cemiterio do convento franciscano. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, A. c., 182-183.

descargo afirma: “(...) que cuando las últimas voluntades no se pueden ejecutar en el todo, se deben cumplir en la mejor forma que se puede, interpretando discretamente la intención del fundador que no tubo presente semejantes inconvenientes”⁴⁰. No apéndice documental reproducimos o devandito relatorio pois nel atópanse, ademais das xustificacións do párroco, unha interesante descrición da celebración dunha das xornadas da Semana Santa e do censo de pobres que había na Vila.

En efecto, o crego Serantes mandou que os pobres censados e os peregrinos hospedados no albergue da Ponte e no de San Lázaro⁴¹ se congregasen no patio do Pazo dos condes de Andrade, pediulles que oísen a misa maior e que cada un rezase o rosario de xeito privado encomendando a alma de quen lles daba a esmola, non podendo facer esta distribución dentro da igrexa pois esta estaba ocupada polos cultos dese día. Entendía que non había espazo para a celebración dun rosario cantado polos dilatados que estaban os cultos en todo ese día, ademais non sería de xustiza que os pobres por falta de saúde, e os peregrinos por exceso de cansazo, tivesen que dispoñer de tanto tempo para unha exígua esmola (entre dous e catro reais), insinuando que as queixas de Blas Dujen non tiñan máis motivación que un exceso de vaidade. Malia as precaucións de redactar un censo de pobres, e non facer ningunha inxustiza verbo do dictaminado polo fundador, foi tal a concurrencia de pobres, que o propio párroco tivo que achegar algúns reais do seu propio peculio, segundo el mesmo nos conta no relatorio citado.

2.7 A fundación de Alonso Nogueirido e María Rodríguez

Desta fundación xa escribiron moi polo miúdo A. Couceiro Freijomil⁴², Carlos de Castro Álvarez e Xoán Carlos Vázquez Arias⁴³. Sen pretender ser reiterativos verbo do xa publicado simplemente sinalamos, en orde a facer o máis completo posíbel este catálogo de fundacións, que Alonso Nogueirido, rexedor do Concello de Pontedeume, fundara a capela de San Xoán Bautista na igrexa parroquial de Santiago que estaba situada no lado da epístola xunto á capela maior, e debeu ser un espazo pechado con enreixado. No seu testamento de 29 de xuño de 1530 deixa a esta capela como a súa herdeira universal e manda que a terceira parte dos seus bens se invistan para adquirir rendas para dotación da capela, e que os dous terzos restantes se invistan en estipendios de misas que deberían celebrar os capeláns que para o caso designase o Concello de Pontedeume, a quen nomea como padroado da súa fundación.

María Rodríguez, viúva de Alonso Nogueirido, no seu testamento de 14 de novembro de 1534, aproba o testamento do seu marido, e tamén institúe a capela como herdeira universal mandando que unha metade dos seus bens se distribuísen en dotes para orfas, privilexiando ás súas parentes, e a outra metade en trintenarios de misas, elixindo igualmente ao Concello como patrón desta obra pía.

40. Apéndice Documental, 4.

41. Cf. A. LÓPEZ CALVO, “Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago”, en *Estudios Mindonienses* 20 (2004) 729-771.

42. Cf., A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O.c.*, 352-353.

43. Cf. C. DE CASTRO – J. C. VÁZQUEZ ARIAS, *O.c.*, 39-41.

3. CAPELANÍA DE XESÚS NAZARENO NA IGREXA DAS VIRTUDES

Exceptuando a igrexa parroquial de Santiago, a capela das Virtudes, tamén coñecida como a Nosa Señora do Souto, é o edificio relixioso máis antigo de Pontedeume. Orixinalmente fundada no territorio da parroquia de San Pedro de Vilar, na actualidade é un santuario da parroquia de Pontedeume⁴⁴.

Temos noticia desta capelanía polos documentos dun curioso preito sostido contra o Goberno polo crego Ramón Fernández Barbeito. Esta capelanía tiña anexo o oficio de docente na Cátedra de Latinidade.

Pontedeume contou con dúas destas institucións académicas na vila. A primeira fundada en 1580 polo rexedor da mesma Xoán Beltrán de Anido e que, segundo Couceiro Freijomil, orixinalmente comprendía a creación da capela de Santa Catarina na igrexa parroquial⁴⁵; e unha segunda de menores fundada en 1707 por Francisco Pérez, cóengo da Colexiata da Coruña quen fora preceptor tamén na Cátedra de Latinidade da Coruña⁴⁶. Os documentos que manexamos non especifican a cal das dúas cátedras se refire. Certamente ao non se tratar da capelanía de Santa Catarina non correspondería á cátedra fundada por Beltrán de Anido. Pero tampouco sería desatinado supor que, ao non existir en 1844, ano do preito ao que nos estamos a referir, a devandita capela de Santa Catarina da igrexa primitiva, esta fose recolocada no santuario das Virtudes. O que si é comprobábel é que o preito o inicia Ramón Fernández Barbeito “*Capellán de Jesús Nazareno en la Iglesia de las Virtudes de Puente deume, solicitando la reparación del despojo que sufrió en el pronunciamiento de 1840*”⁴⁷ pola xunta de goberno da vila.

O de 1840 foi un ano bastante convulso na historia moderna de España: aínda que o 31 de agosto de 1839 se negociara o convenio de paz entre Maroto e Espartero, coñecido como a paz de Vergara, as guerras carlistas seguen a manterse en focos secundarios, non mingúan as confrontacións políticas entre moderados e progresistas, inaugúrase o espazo político da co-rexencia e, por fin, en outubro dese ano acontece a abdicación da raíña María Cristina. O relato contado en primeira persoa polo seu protagonista, Fernández Barbeito, do despojo da cátedra e da capelanía en setembro de 1840, atópase no apéndice documental deste traballo e deixa albiscar que tal despojo da praza de docente e capelán tivo a súa orixe por mor dunhas disputas políticas.

Requirido, por parte do Ministerio de Graza e Xustiza, o goberno do Arcebispo de Santiago, este constata o que segue:

“En cumplimiento de la Real Orden de 24 del próximo pasado para que informemos en orden á la instancia que acompañó el prbo. D. Ramón Fernández Barbeito,

44. Cf. *Ibid.*, 14-16.

45. Cf. A. COUCEIRO FREIJOMIL, *O. c.*, 333.

46. Cf. J. M. DOMÍNGUEZ GARCÍA, “La Cátedra de Latinidade de Betanzos (1614-1853)”, en *Anuario Brigantino* 18 (1995) 64. O texto do testamento que funda esta cátedra de menores atópase en: A. COUCEIRO FREIJOMIL *O. c.*, 451-452.

47. AHDS, 1.17, 2 (379). Oficio asinado por Manuel Ortiz Zúñiga, subsecretario do Ministerio de Graza e Xustiza e dirixido a Matías Ignacio Acosta, gobernador eclesiástico de Santiago, con data 24 de xaneiro de 1844.

solicitando se le reponga en la Cátedra de latinidad y la Capellanía de Jesús Nazareno de Puente deume de que fue separado por la Junta de Gobierno de aquella villa en Septiembre de 1840; debemos decir con presencia de los documentos que nos ha presentado dicho pbro. Es cierto que desde Octubre del año 1820 se hallaba regentando la Cátedra de Latinidad de Puente deume por nombramiento del Ayuntamiento como patrono, y previa rigurosa oposición y desde Abril de 1827 poseía también por nombramiento del legítimo patrono, la Capellanía de misa de once. Que en 16 de Setiembre de 1840, ha sido separado por la Junta de aquella Villa y confinado al punto de su naturaleza; pero ignoramos el motivo que para ello tuviese la junta, porque en ningún tiempo se nos ha dado queja alguna de aquel eclesiástico; antes bien en el año anterior de 1835, se le expidieron por este gobierno eclesiástico testimoniales de buena conducta, y en los de 1837 y 1843, atestaron satisfactoriamente por lo respectivo a su conducta política, Los Gobernadores Civiles de La Coruña y Lugo, lo mismo que el Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez, todo lo cual fue confirmado y existe”⁴⁸.

O certo é que unha providencia do Ministerio de Graza e Xustiza de 17 de marzo de 1844 *“Accediendo S. M. a una instancia del Presbítero Dn. Ramón Fernández Barbeito, solicitando su reposición en una Capellanía y Cátedra de Latinidad de Puente deume de que fue despojado en 1840, se ha dignado resolver que queda á cargo de V. I. la reposición en la parte eclesiástica, sin perjuicio de que el interesado acuda ante la autoridad competente en cuanto a la cátedra”⁴⁹*. Por fin, unha real orde de 26 de marzo de 1844 reintégra, igualmente, ao seu cargo de docente na Cátedra de Latinidade.

4. FUNDACIÓN NA CAPELA DE SAN MIGUEL DO PAZO DOS CONDES DE ANDRADE

Esta capela estaba unida ao pazo de Andrade, co que se comunicaba mediante un corredor. Aínda que non hai datos concluíntes verbo da súa fundación orixinal, si sabemos que a súa desaparición foi acordada polo Concello de Pontedeume un 7 de xaneiro de 1911⁵⁰.

Non foron só os eclesiásticos os que litigaron verbo do cumprimento de fundacións de misas e obras pías. Tamén a nobreza tentou de recuperar bens a través de alegacións de compromisos non cumpridos. Este que nos ocupa é un deses casos.

Ademais doutras dotacións para celebración de misas e sufraxios, Fernando de Andrade no seu testamento deixa esta manda:

“Yten mando a la villa de la Puente deume para syenpre jamas en mi casa del Mesón que yo hiz en la dicha villa, segun esta hecha y hedificada al. tempo de

48. *Ibid.*

49. *Ibid.*

50. Cf. C. DE CASTRO – J. C. VÁZQUEZ ARIAS, *O. c.*, 19-20.

*agora, para propios de la dicha billa, con que sea obligada la dicha billa e Concejo de haserme desir por mi anima cada semana una misa de requien rezada en la Yglesia de San Miguel desta billa por universitario que pongo de çenso sobre el dicho mesón para syenpre”*⁵¹.

A Casa do Mesón que se cita, e que semella ser o ben raiz desta fundación, trátase dunha alhóndiga (mercado de grans) tamén coñecida como Casa do Azougue. Estaba situada fronte ao convento dos agostiños. Tratábase dunha casa deputada polo señor da vila, para que todos os que viñesen a vender na comarca, fose gran, froitas ou mesmo outras mercadorías, as depositasen alí a xeito de lonxa⁵². Esta casa déixase como ben para o Concello a cambio de que se celebre unha misa á semana pola alma do doador. Así veuse cumprindo ata xaneiro de 1761, pero ao non contar coa actualización de estipendios para as referidas misas, o capelán encargado naquel tempo, Pedro Ribera, deixounas de celebrar⁵³.

